

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández**, integrantes do grupo parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa aos recortes nos centros de internamento de menores.

Coa publicación no DOG do 15 de xullo do procedemento de selección das entidades privadas sin ánimo de lucro para desenvolver a intervención educativa integral e, no seu caso, terapéutica, das persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas da liberdade e outras actuacións de medio aberto a Xunta confirma a súa determinación de degradar a prestación deste servizo público.

Servizo público – o dos centros de internamento de menores - en boa parte xa privatizado, dado que dos 3 centros existentes no país (centro de reeducación Concepción Arenal na Coruña, centro de reeducación Monteledo e centro de atención específica Montefiz, estes dous últimos en Ourense; dos 3 centros citados, 2 xa teñen xestión privada).

Semella evidente a importancia dunha completa actuación reeducadora pública para procurar a reintegración á sociedade dos menores afectados polo cumprimento de medidas xudiciais. A súa vida adulta vai depender en no pequena medida da calidade da intervención pública no seu paso por estes centros reeducativos.

Desgrazadamente os procedementos selectivos confirman a consolidación dun moi duro recorte orzamentario, que vai desembocar nun deterioro dos servizos prestados aos menores e na degradación das condicións laborais dos traballadores e profesionais que van prestar esta importante labor.

Comparando a contía orzamentada para os centros de internamento para menores nesta convocatoria coa do ano 2011 a diminución é dun 16,6%, caendo os recursos por praza e día de 217 euros a 180,8 euros. Vala como exemplo que esa ráteo de recursos era a que tiña no ano 2002 o centro de reeducación Concepción Arenal.

Prodixiosa máquina do tempo peor a que azouta de cote os servizos públicos galegos. Con ese recorte, a Xunta pola contra non ten empacho en prescribir un incremento do persoal educador a contratar da orde do 10%.

No que atinxe ás actuacións de medio aberto (tratamentos ambulatorios, asistencia a centros diurnos, permanencias de fin de semana nos domicilios, liberdade vixilada, prestacións en beneficio da comunidade ou a realización de tarefas socioeducativas...) a redución do orzamento – disque da recuperación- é de 110.000 euros (de 580.000 a 470.000 euros) e con iso haberá que duplicar o número de profesionais en psicoloxía a contratar.

Este procedemento inaugura a fórmula de non respectar a relación de postos de traballo de cada centro. Así, sen consulta de ningún xénero, bota fóra a 3 traballadores que levaban unha quincena de anos traballando no centro de Monteledo.

O procedemento e os recursos achegados responden de xeito exquisito aos requerimentos tanto da lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, canto da lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e boa administración.

O procedemento e os recursos dispostos atenden con dilixencia ás valoracións críticas e ás conclusións pormenorizadas que formula o Valedor do Pobo no seu informe de hai xa varios anos – e que resta con máis vixencia que nunca – sobre “Menores vulnerables: desprotección e responsabilidade penal.”

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla a Xunta de Galicia rectificar o procedemento e a contía dos recursos para garantir unha atención mellorada aos menores e nas condicións de laborais e salariais aos traballadores, traballadoras e profesionais, así como o respecto as RPT,s dos centros?

En Compostela, a 28 de agosto do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 28/08/2015 10:48:29